

*Resolución do 6 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.*

O punto 5 da base sexta B) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, se publicará esta no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por puntos, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal, polo tanto este centro directivo,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de costureiro/a, enfermeiro/a especialista en saúde mental, fisioterapeuta, grupo administrativo da función administrativa, perruqueiro/a, técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía e técnico/a especialista en hixiene bucodental de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, convocado por resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es), relativas á baremación provisional da fase de concurso, nas distintas epígrafes e a valoración total, indicando ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non achegar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2010.

Esperanza Fernández Lago  
Directora de Recursos Humanos

**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

*Resolución do 9 de xuño de 2010 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de física aplicada a María Luisa Segade Zas.*

De conformidade coa proposta da comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou

esta universidade por Resolución do 18 de marzo de 2010 (BOE do 10 de abril), para a provisión da praza número 10/003 de profesora titular de universidade da área de coñecemento de física aplicada, departamento de Física desta universidade, a favor de María Luisa Segade Zas, con DNI número 32799830-J, e unha vez que a interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a María Luisa Segade Zas, profesora titular da Universidade da Coruña, da área de coñecemento de física aplicada, departamento de Física desta universidade.

No prazo máximo de vinte días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste nomeamento no BOE, o candidato deberá tomar posesión do seu destino.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no BOE, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente poderase interpoñer recurso de reposición, ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, sen que neste caso se poida interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 9 de xuño de 2010.

José M<sup>a</sup> Barja Pérez  
Reitor da Universidade da Coruña

*Resolución do 10 de xuño de 2010 pola que se nomea catedrático de universidade da área de coñecemento dereito civil a José Manuel Busto Lago.*

De conformidade coa proposta da comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 18 de marzo de 2010 (BOE do 10 de abril de 2010), para a provisión da praza número 10/009 de catedrático de universidade da área de coñecemento de dereito civil, departamento de Dereito Privado desta universidade, a favor de José Manuel Busto Lago, con DNI número 33320493-W, e unha vez que o interesado acreditou os requisitos establecidos na convocatoria.